



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan os rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada PO-352 (A Guarda (Deput)-Camposancos (PO-355), desde o PK 0+000 ata o PK 1+680, a prol do Concello da Guarda
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do enlace en Curro das autovías a Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, da autoestrada AP-9 e a estrada PO-351, clave PO/02/199.01.2

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente a execución e concentración parcelaria da zona do Val de Camba (Rodeiro-Pontevedra)
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente a execución e concentración parcelaria da zona do Val-Bermés, Sello (Lalín-Pontevedra)

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o *Instituto da Muller*, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidas especificamente ás mulleres no 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Sada para a ampliación dunha escola infantil 0-3 integrada na rede galega de escolas infantís 0-3 (galescola)



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a *Fundación Sotavento Galicia*, para o desenvolvemento das actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro e eficiencia enerxética
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Melide, para o proxecto de instalación dunha depuradora compacta no parque empresarial da Madanela
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Pontevedra, para o proxecto de actuacións en varios treitos do polígono de Trado
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Boiro, para o proxecto de instalacións específicas para o centro de formación e servizos complementarios do polígono industrial de Espiñeira
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Carballo, para o proxecto de acabamentos do edificio municipal de usos múltiples no polígono industrial de Bértoa-Carballo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello da Rúa de Valdeorras para o proxecto de melloras no polígono industrial As Pedreiras
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Láncara, para construír o paseo peonil na rúa Ourense e o acceso ao parque empresarial da Pobra de San Xiao e dotar de iluminación pública o contorno do parque empresarial da Pobra de San Xiao
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Forcarei, para a mellora e reforzo da liña de media tensión e do transformador no polígono industrial de Vilapouca
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Culleredo, para o proxecto de mellora de infraestruturas na vía do polígono da Marisqueira



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Vilar de Santos, para o proxecto de mellora do acceso ao parque empresarial de Santa Marta
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de San Cibrao de Viñas para o proxecto de instalacións de cámaras de seguridade no polígono de Barreiros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Moaña, para a mellora de accesos á zona industrial do Cocho
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Chantada, para levar a cabo o proxecto de reurbanización e humanización do polígono industrial dos Acivros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Zas, para o proxecto de mellora da área de repartición AR-Sector-I1 no polígono do Allo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural e a Sociedade Cooperativa galega *Verín-Biocoop* para a sinatura dun convenio para fomentar a reconversión de explotacións agrogandeiras cara á produción ecolóxica sustentable

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio ás accións de formación e investigación na Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencia e na rede do Plan de Galicia sobre drogas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para a implantación dun sistema de calidade na Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencia e na rede do Plan de Galicia de drogas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III, para continuar a realización dun sistema de vixilancia epidemiolóxica molecular da infección por VIH en Galicia e un estudo de investigación dos subtipos NO-B e recombinantes detectados



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio asinado o 22 de novembro de 2007, entre a Conselleira de Sanidade e a Sociedade Española de Toxicomanías

CONSELLERÍA DE VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Lugo, para a adquisición de quince vivendas no marco do programa de erradicación do chabolismo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Colexio de Arquitectos de Galicia, para o desenvolvemento das Normas do hábitat galego e libro de edificio

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre as políticas da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos residuos sólidos urbanos



O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS REXISTROS DE ACTIVIDADES E DE BENS PATRIMONIAIS DE ALTOS CARGOS DA XUNTA

- **Recolle a creación da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, encargada do mantemento e xestión destes rexistros e responsable da custodia, seguridade e indemnidade dos datos que neles se conteñen**
- **O decreto establece que quen acceda a determinados cargos públicos deberá subscribir unha declaración na cal se faga constar que non incorre en causa ningunha de incompatibilidade**
- **A norma estipula que durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento os altos cargos non poderán realizar actividades privadas relacionadas con expedientes sobre os que ditasen resolución no exercicio do cargo nin asinar contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coas administracións públicas**
- **Os membros da Xunta e altos cargos da Administración autonómica, cando cesen no seu exercicio, dirixirán a este rexistro tamén unha comunicación en que conste a actividade –pública ou privada- que van desenvolver e se se vai realizar por conta propia ou allea**
- **O Rexistro de Actividades ten carácter público, e o contido das declaracións inscritas nel publicarase no Diario Oficial de Galicia e na internet**
- **O decreto obriga a que as declaracións de actividades e de bens patrimoniais se presenten na Oficina dentro dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento e, do mesmo xeito, de producirse algunha modificación das circunstancias, deberase presentar o correspondente modelo na Oficina nun prazo idéntico**

O Consello aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, o decreto polo que se regulan os rexistros de Actividades e de Bens Patrimoniais de Altos Cargos da Xunta de Galicia. Deste xeito, o Goberno galego actualiza e desenvolve a normativa reguladora da organización e funcionamento destes rexistros e das declaracións que se inscriben neles.

A Lei 9/1996 de incompatibilidades dos membros da Xunta e altos cargos da Administración autonómica establece o principio xeral de incompatibilidade absoluta entre o desempeño do alto cargo e calquera outra actividade co obxecto de garantir a independencia, imparcialidade e obxectividade dos cargos públicos no exercicio das funcións que lles foron encomendadas. Pola súa banda, a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega incide en subliñar a importancia dos principios éticos e de conduta. Este novo contexto legal fai necesario actualizar e desenvolver a normativa reguladora dos rexistros e das declaracións neles inscritas.

Así, o decreto aprobado hoxe seralles de aplicación aos cargos públicos enumerados no artigo 2 da Lei 9/1996, é dicir:

- membros do Goberno autonómico;
- secretarios e directores xerais e cargos asimilados;



- delegados e representantes do Goberno galego nos entes con personalidade xurídica pública;
- presidentes, directores xerais e asimilados dos organismos autónomos;
- delegados provinciais e territoriais das consellerías;
- persoal eventual que exerza funcións de carácter non permanente, cualificadas de confianza e de asesoramento especial, nos gabinetes do presidente e dos conselleiros;
- presidentes, directores xerais, executivos ou técnicos e titulares doutros cargos asimilados en entidades de dereito público vinculadas á Administración autonómica cun nomeamento efectuado polo Consello da Xunta ou polos seus propios órganos de goberno;
- presidentes, directores xerais e asimilados das empresas públicas, sociedades ou fundacións nas cales a Xunta participe ou achegue máis do 50% do capital ou do patrimonio cando sexan designados por acordo do Consello ou polos seus propios órganos de goberno;
- e titulares de calquera outro posto de traballo da Administración autonómica cun nomeamento que se efectúe por decisión do Consello da Xunta.

O texto recolle a creación da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que é a unidade encargada do mantemento e xestión dos dous rexistros e a responsable da custodia, seguridade e indemnidade dos datos que neles se conteñen. Así mesmo, será encargada de requirirle a quen sexa nomeado ou cesado como alto cargo o cumprimento das obrigas previstas no decreto. Este establece tamén que quen acceda a un dos devanditos cargos públicos deberá subscribir unha declaración na cal se faga constar que non incorre en causa ningunha de incompatibilidade.

Rexistro de Actividades de Altos Cargos

O Rexistro de Actividades de Altos Cargos ten por obxecto a inscrición das declaracións de actividades reguladas na Lei 9/1996, que establece que os cargos teñen a obriga de declarar as actividades que se refiran a calquera operación, negocio, empresa ou sociedade pública ou privada que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos ou nos cales teñan participación ou intereses. Este rexistro ten carácter público, e o contido das declaracións inscritas nel publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e estará dispoñible na internet.

Ademais, o decreto sinala que durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os referidos cargos non poderán realizar actividades privadas relacionadas con expedientes sobre os que ditasen resolución no exercicio do cargo nin asinar contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coas administracións públicas. Os membros da Xunta e altos cargos da Administración autonómica, cando cesen no seu exercicio, dirixirán a este rexistro tamén unha comunicación na cal conste a actividade –pública ou privada- que van desenvolver e se se vai realizar por conta propia ou allea.

Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos



Doutra banda, o texto aprobado hoxe polo Consello fai referencia ao Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos, do que di que ten por obxecto o depósito das declaracións de bens patrimoniais nas cales figurarán os bens, dereitos e obrigas patrimoniais de que sexan titulares; os valores ou activos financeiros negociables; as participacións societarias; o obxecto social das sociedades en que teñan interese; e os créditos, préstamos e débedas que integren o pasivo. A esta declaración deberá xuntarse copia das últimas declaracións tributarias do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, se o declarante ten a obriga de presentalos ante a Administración tributaria.

Este rexistro terá carácter reservado e só poderán acceder a el o Parlamento de Galicia, de acordo co que dispoña o Regulamento da cámara; os órganos xudiciais, para a instrución de procesos que requiran o coñecemento dos datos que constan no rexistro; o Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións; o Defensor do Pobo; e o Valedor do Pobo.

Disposicións comúns a ambos os dous rexistros

O último capítulo do decreto céntrase nas disposicións comúns a ambos os dous rexistros, e fixa a obriga das consellerías, organismos autónomos, sociedades públicas, fundacións do sector público e entidades de dereito público dependentes da Administración autonómica de comunicarlle á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas os nomeamentos e cesamentos que efectúen e se correspondan cos cargos públicos a que se refire a Lei 9/1996.

Tamén se dispón que as persoas titulares das secretarías xerais das consellerías colaborarán na difusión das obrigas legais na materia de incompatibilidades de altos cargos, o que constitúe un reforzo engadido ao labor da Oficina e posibilita un mellor cumprimento das disposicións legais na materia.

Segundo o texto, as declaracións de actividades e de bens patrimoniais presentaranse na Oficina dentro dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento e, do mesmo xeito, de producirse algunha modificación das circunstancias, deberase presentar o correspondente modelo na Oficina nun prazo idéntico.

A XUNTA TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DA GUARDA A TITULARIDADE DUN TREITO DE ESTRADA A GUARDA-CAMPOSANCOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello da Guarda do treito de 1.680 metros da estrada A Guarda (PO-352)-Camposancos (PO-355), que vai desde a praza de Avelino Vicente ate o cruzamento coa rúa Enrique María Sexto.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas autonómicas ou os treitos determinados delas nos cales a circulación adquira características urbanas.



Neste caso, o treito obxecto de transferencia responde a estas características xa que posúe beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e conta con servizos urbanos (saneamento, iluminación,...).

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello da Guarda que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



O CONSELLO DA XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIADOR DO ENLACE DE CURRO, NOS CONCELLOS DE BARRO E DE MEIS

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios para construír o nó, para o que se conta cun orzamento de 50 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción do enlace de Curro, un nó de comunicacións para reordenar o tráfico da futura autovía Curro-Baión, da autovía do Salnés, da actual autoestrada AP-9 e da estrada Pontevedra-Curro (PO-531), e permitir así a interconexión de todas estas infraestruturas dun xeito máis seguro e áxil.

O custo estimado do enlace é de 49,5 millóns de euros, dos cales case 12,3 millóns van destinados ao pagamento das expropiacións dos 548 predios necesarios para construílo. Este nó ten unha lonxitude total de 5,2 quilómetros que discorren polos concellos de Barro e Meis. Cómpre lembrar que este enlace está encaixado nun treito, tamén con características de autovía, entre Mosteiro e a AP-9, contará con catro ramais e nel haberá tres pasos superiores e outros tantos inferiores.

A importancia técnica deste nó de comunicacións radica na súa capacidade para absorber e distribuír os importantes fluxos circulatorios xerados polas vías de altas prestacións que conflúen nel. Trátase dunha actuación de gran envergadura complementaria doutras en materia de infraestruturas que ratifican o compromiso da Xunta de Galicia cunha zona moi dinámica desde o punto de vista económico. Cómpre salientar a recente posta en servizo da Autovía do Salnés (que supuxo un investimento de 60 millóns de euros), a construción da futura autovía Curro-Baión (cun custo estimado de case 80 millóns de euros), ou a mellora da capacidade e seguridade da actual estrada Pontevedra-Vilagarcía (PO-531), na cal a Consellería de Política Territorial investirá uns 26 millóns de euros.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE EXECUCIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DO VAL DE CAMBA (RODEIRO)

- ***Os traballos comezarán nun prazo inferior a 6 meses e afectarán as 2.467 hectáreas que conforman as parroquias de San Xoán de Camba, Santa Baia de Camba, Fafián e Río***
- ***A Consellería do Medio Rural prevé un investimento global de 8.856.530 euros neste proceso de concentración, que busca reducir as 8.000 parcelas existentes e beneficiar así as 881 explotacións da zona***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona do Val de Camba, situada no concello pontevedrés de Rodeiro. O perímetro desta área de concentración abarca a totalidade dos terreos das parroquias de San Xoán de Camba, Santa Baia de Camba, Fafián e Río, que suman 2.467 hectáreas de superficie. En total, a Consellería do Medio Rural prevé un investimento de 8.856.530 euros destinados tanto á realización dos proxectos e informes técnicos como á execución das obras propiamente ditas, o que supón un custo medio por hectárea de 3.590 euros.

Tal e como se establece nos informes de viabilidade elaborados por este departamento autonómico, a redución e o reagrupamento das parcelas existentes (actualmente arredor de 8.000) permitirá recuperar superficie agraria útil, actualmente abandonada ou infrautilizada; mellorar as condicións de traballo e a rendibilidade das explotacións, ao contar con predios de dimensións máis axeitadas para o seu aproveitamento agrogandeiro; implementar a rede de comunicacións existente, complementándoa con novos camiños e coa ampliación doutros antigos e, en definitiva, elevar o nivel de vida dos agricultores e gandeiros da zona, facendo a súa actividade máis competitiva. Á vista da demanda social e das características agronómicas deste val, no cal a principal actividade é a gandería e no cal as terras se dedican fundamentalmente a prados, forraxes e pasteiros, a Consellería decidiu levar a cabo esta concentración por razóns de utilidade pública e de interese social.

Unha vez rematado o proceso de concentración, segundo se recolle nos informes técnicos previos, está previsto que quede un número considerablemente inferior de parcelas, dado que na actualidade as 881 explotacións, da zona teñen unha media de 10 predios por propietario. Así mesmo, a superficie media dos predios, polo menos na metade dos casos, abrangue só entre 1 e 1,5 hectáreas.

Mediante a execución desta concentración, a Xunta considera que se facilitará a agrupación dos produtores, a súa tecnificación, formación e outras fórmulas de cooperación, como a comercialización conxunta dos seus produtos e o abastecemento colectivo de bens de equipamentos e de recursos externos. Está previsto que as obras comencen nun prazo inferior aos 6 meses desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* deste decreto. Así mesmo, desde a súa entrada en vigor serán sancionables as



infraccións que se cometan respecto ao non mantemento da terra cultivada conforme a súa capacidade agrolóxica, en consonancia co disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia. Neste sentido, a Consellería lembra que os procesos de concentración parcelaria se acometen precisamente co obxecto de favorecer a actividade agraria e de facer máis rendible o aproveitamento da terra, polo que sería inxusto que se destine unha cantidade inxente de recursos a estas obras para que finalmente a superficie agraria útil fiquen abandonada.



A XUNTA INVESTIRÁ 7,6 MILLÓNS DE EUROS NA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DO VAL-BERMÉS-SELLO (LALÍN)

- ***O obxectivo da declaración é redimensionar a base territorial das explotacións agrogandeiras e de mellorar a rede de comunicacións existente***
- ***A actuación responde á solicitude realizada polos veciños e procura apoiar o crecemento do nivel das explotacións facéndooas máis competitivas e mellorando a calidade de vida nelas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria do Val-Bermés-Sello (Lalín), por un investimento total por realización dos servizos técnicos e obras inherentes ao proceso de concentración que ascende a 7.602.937 euros. Esta concentración, que responde á solicitude realizada polos veciños que representan a maioría dos propietarios, afecta a totalidade das tres parroquias (Santo André de Val do Carrio, Santa María de Bermés e Santiago de Sello), o que corresponde a unha superficie de 2.117,81 hectáreas divididas en 3.200 parcelas, cunha media de 12 parcelas por propietario. Con este proceso de concentración preténdese reducir o número de predios de substitución de forma considerable, de xeito que a adxudicación da propiedade se faga en predio único ou no menor número de predios de substitución posible.

Este proceso concentrador incidirá na mellora das explotacións agrarias ao facilitar predios de dimensións máis axeitadas para a obtención duns óptimos rendementos económicos, ao tempo que implicará unha mellora na rede de comunicacións existente, complementándoa con novos camiños e coa ampliación doutros antigos. Estas accións contribuirán, ademais, ao crecemento do nivel das explotacións facéndooas máis competitivas e repercutindo, consecuentemente, no incremento da calidade de vida dos agricultores e gandeiros destas parroquias.

Previamente á declaración de utilidade pública e urxente execución da concentración parcelaria do Val-Bermés-Sello, a Consellería do Medio Rural realizou un estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendimento dos recursos agropecuarios, do cal se deduciu a conveniencia de levar a cabo este agrupamento por razóns de utilidade pública e interese social. Neste sentido, destacan a preeminencia do sector primario na zona, especialmente gandeiro, de xeito que unha actuación deste tipo permitirá unha racionalización do cultivo, mantendo e ampliando a superficie agraria útil, incrementando a súa rendibilidade e potenciando a formación de agrupacións de produtores que tecnifiquen a súa produción, comercialicen conxuntamente os seus produtos e asesoren e formen os seus membros.

O GOBERNO GALEGO E O INSTITUTO DA MULLER COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A MULLERES

- ***O gasto total das iniciativas incluídas no convenio ascende a 362.500 euros***



O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e o Instituto da Muller para a posta en marcha de diversos programas e actuacións dirixidas especificamente a mulleres ao longo deste ano. O importe do convenio ascende a 362.500 euros, dos cales 250.000 euros son achegados polo Instituto da Muller e o resto polo SGI.

Participación social e política

Unha das actuacións que se desenvolverán en virtude do convenio consiste na elaboración e edición de manuais para o fomento dos principios de igualdade en diversos campos de actuación dos axentes sociais, públicos e privados. Inclúese a organización de xuntanzas, foros ou congresos dirixidos a divulgar a importancia do principio de igualdade de oportunidades.

Outro ámbito de actuación será o de favorecer a participación política, social, laboral e cultural das mulleres, para o que se desenvolverán diferentes actividades en entidades locais da Comunidade como obradoiros de autoestima ou de literatura. Tamén se farán estudos e análises da situación das mulleres galegas.

Desenvolveranse actuacións orientadas a mulleres reclusas e ex-reclusas dirixidas á formación ocupacional destas e a dotalas de habilidades para a busca activa de emprego. Por outra banda, haberá unha parte de traballo con actuacións de lecer e tempo libre para mulleres con cargas familiares non compartidas, que consistirá tamén en proporcionarlle ás mulleres en situación de precariedade económica e social estadias fóra do ámbito familiar con actividades complementarias.

No ámbito da coeducación, promoveranse actividades encamiñadas a fomentar a educación afectiva e sexual como fórmula para previr situacións de violencia de xénero. Entre outras actuacións, traballarase co profesorado dos centros educativos para ofrecerlles unha metodoloxía rigorosa na educación afectivo-sexual.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 300.000 EUROS PARA A AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE SADA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Sada para ampliar a escola infantil desta localidade, integrada xa na Rede Galega de Escolas Infantís, *galescola*. Neste proxecto investiranse un total de 319.470 euros.

Segundo se establece no documento de colaboración, o Concello de Sada obrígase a promover a ampliación da escola infantil segundo o proxecto básico e de execución aprobado polo persoal técnico. O proxecto inclúe as obras de ampliación e urbanización do contorno perimetral da escola infantil coñecida co nome de Flora Ramos “Florita”.

A extensión e mellora na calidade das escolas infantís de atención a menores de cero a tres anos de idade constitúe un elemento estratéxico para a sociedade galega no seu conxunto, na medida en que incide dun xeito directo nos dereitos, por unha banda, dos nenos e nenas a un axeitado desenvolvemento e atención socieducativa e á igualdade de oportunidades; e, por outra, das familias a contar cun recurso que favoreza o principio de corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA 200.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN NO PARQUE DE SOTAVENTO DUNHA VIVENDA BIOCLIMÁTICA

- *A Administración autonómica sufragará o 45% do custo de construción da vivenda, de 200 metros cadrados*
- *O parque eólico experimental de Sotavento, en Xermade, está participado pola Xunta nun 30%*

O Consello da Xunta acordou hoxe achegar un total de 200.000 euros para a construción dunha vivenda bioclimática, de carácter demostrativo, no parque eólico experimental de Sotavento, no concello lugués de Xermade. O Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a fundación Sotavento Galicia, mediante o cal a Consellería sufragará o 45% do importe total do proxecto, que consiste nunha casa de 200 metros cadrados que servirá para mostrarlles aos visitantes as prácticas máis eficientes desde o punto de vista enerxético do deseño dunha vivenda, complementada co uso de enerxías renovables.

Ademais da edificación bioclimática, a casa disporá dunha instalación solar fotovoltaica, unha instalación eólica, outra solar térmica, unha caldeira de biomasa, unha bomba de calor xeotérmica e sistemas de xestión da auga. Mediante a achega para a construción desta vivenda bioclimática nas instalacións do parque eólico experimental, coa súa posterior inclusión nas visitas educativas guiadas, a Consellería de Innovación e Industria pretende contribuír á difusión dun tipo de vivenda que só mediante a súa configuración arquitectónica é capaz de satisfacer as necesidades climatolóxicas dos seus habitantes, aproveitando os recursos naturais e evitando o consumo de enerxías convencionais.

As vivendas bioclimáticas constitúen unha importante contribución ao desenvolvemento sustentable, apoiándose sobre a base da combinación dalgúns aspectos fundamentais para a Xunta, como son o uso racional da enerxía, o aforro enerxético, estimado nun 60% fronte a unha vivenda convencional, e a utilización de enerxías renovables.

O parque experimental de Sotavento está participado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, nun 30,5%.



A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE MELIDE PARA A INSTALACIÓN DUNHA DEPURADORA COMPACTA NO PARQUE EMPRESARIAL DA MADANELA

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Melide para a achega de 366.044 euros para o desenvolvemento da mellora do parque empresarial da Madanela. Cóbrese así o 75 por cento do custo total do proxecto.

O plan céntrase na instalación dunha depuradora compacta cun reactor de tipo fisicoquímico por flotación. Tamén se levarán a cabo outras obras necesarias de carácter complementario como as instalacións dunha balsa de regulación do caudal e dispositivos periféricos (caudalímetros, bombeos e desbastes). O investimento da Consellería de Innovación e Industria repartirase en dous exercicios entre o 2008 e o 2009, cun investimento anual de 183.022 euros.



O GOBERNO GALEGO INVISTE CASE 2,2 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA DE 12 POLÍGONOS INDUSTRIAIS

- **Consello autorizou a instalación dun sistema de captación solar e dunha caldeira de biomasa no polígono industrial de Espiñeira, en Boiro**
- **A Consellería de Innovación sufragará o remate dun edificio no polígono de Bértoa (Carballo) e o saneamento do parque industrial de Allo (Zas)**
- **O Goberno galego sufragará a execución de obras de mellora en catro parques empresariais ourensáns cunha achega de 627.000 euros**
- **A Xunta investirá 70.000 euros na mellora da subministración eléctrica do polígono de Vilapouca, en Forcarei**
- **Destínanse case 500.000 euros a financiar obras no parque empresarial de Marisqueira, en Culleredo**
- **Consello autorizou investir 250.000 euros na mellora dos accesos á zona industrial do Cocho, en Moaña**
- **Os polígonos industriais dos Acivros (Chantada) e da Pobra de San Xiao (Láncara) recibirán unha achega de 250.000 euros para obras de reurbanización, humanización e iluminación**

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento por parte da Consellería de Innovación e Industria de case 2,2 millóns de euros na execución de obras de mellora nos polígonos industriais de Espiñeira (Boiro); Bértoa (Carballo); Allo (Zas); Trado (Pontedeiva); As Pedreiras (A Rúa); Barreiros (San Cibrao das Viñas); Santa Marta (Vilar de Santos); Vilapouca (Forcarei); Marisqueira (Culleredo); Cocho (Moaña); Acivros (Chantada) e A Pobra de San Xiao (Láncara). A Consellería de Innovación subscribirá convenios de colaboración cos concellos referidos para a execución destas obras.

Polígono industrial de Espiñeira

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Innovación e Industria a asinar un convenio de colaboración co concello de Boiro para executar un proxecto de instalacións específicas para o Centro de Formación e Servizos Complementarios do polígono industrial de Espiñeira. O Goberno galego achegará 74.000 euros (o 75% do custo total) para o desenvolvemento do proxecto.

En concreto, instalarase un sistema de captación solar para o quentamento de auga, para a subministración das necesidades de vestiarios de persoal, calefacción e pequenos puntos de consumo complementario. Por outra parte, tamén se realizará a instalación dunha caldeira de biomasa, para o apoio da instalación principal de auga quente solar. O proxecto executarase entre este ano e o vindeiro 2009.

O texto do convenio recorda ademais que desde este concello se presta apoio á tecnoloxía galega de biomasa, considerando que para 2009 está prevista a posta en funcionamento da primeira planta galega de produción de pellets para a combustión a partir de restos forestais.



Melloras en Bértoa e Zas

O Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre Innovación e o Concello de Carballo para obras de mellora no polígono de Bértoa, polo que se desenvolverá o remate da estrutura do edificio municipal para poñelo ao servizo dos empresarios que demanden información sobre o polígono. O proxecto abrangue todas as reformas necesarias para executar o acabamento do edificio municipal con actuacións nos cerramentos e divisións, carpintaría exterior e interior, soldaduras e azulexado, aparatos sanitarios, revestimentos e acabamentos e reformas en materia da seguridade. Estas obras de mellora, ás que Innovación e Industria destina 120.852,94 euros (o 75% do custo dos traballos), reforzarán o edificio municipal nos seus usos múltiples como espazo de referencia de promoción económica do Concello.

Innovación tamén recibiu autorización para asinar co Concello de Zas un convenio para melloras no polígono de Allo. O proxecto recolle actuacións de saneamento de augas pluviais e residuais de forma autónoma cunha estación depuradora no interior do sector I1, así como unha rede de iluminación pública. A estación depuradora dará servizo tamén ao resto da parroquia do Allo. A contribución económica da Consellería de Innovación e Industria a este proxecto é de 300.000 euros, o 75% do orzamento do proxecto.

627.000 euros para melloras en polígonos ourensáns

O Consello tamén acordou autorizar a sinatura de convenios de colaboración cos concellos ourensáns de Pontedevea, A Rúa, San Cibrao das Viñas e Vilar de Santos para a execución de obras de mellora nos respectivos polígonos industriais de Trado, As Pedreiras, Barreiros e Santa Marta. En virtude do acordo adoptado hoxe, a Consellería de Innovación e Industria achegará o 75% do investimento preciso para a realización das obras, concretándose esta achega en 627.000 euros e rematando o prazo de execución no fin de 2009.

No polígono de Trado, en Pontedevea, a Consellería contribuirá con 114.000 euros a desenvolver actuacións sobre o firme, as beirarrúas e tres rúas do polígono. Na actualidade este polígono, en plena fase de desenvolvemento, está integrado por trece empresas. O desenvolvemento das infraestruturas recollidas no convenio que asinarán Innovación e Industria e o Concello de Pontedevea permitirá superar as actuais carencias en materia de comunicacións de cara ao proxecto de ampliación do parque en 200.000 metros cadrados, que posibilitará a instalación de ata vinte empresas máis.

No caso do polígono industrial das Pedreiras, na Rúa, desenvolverase un proxecto de mellora da instalación eléctrica para conseguir un incremento da potencia do polígono, polo que se construírá un novo centro de transformación. Ademais, co fin de dotar este polígono dun anelamento que garanta a subministración eléctrica de dúas subestacións distintas e que asegure esta subministración ás empresas instaladas ante posibles incidencias, prevese soterrar a liña de media tensión existente nas instalacións para a conexión aos centros de transformación. Trátase dun paso máis para garantir o total desenvolvemento do polígono e garantir a instalación de novas empresas, sumándose ás dúas que xa están instaladas (Gaseosas Roca e Riefer Saifa) e que empregan máis de



200 persoas. O investimento da Consellería de Industria nas Pedreiras será de 114.000 euros.

Con respecto ao polígono de Barreiros, en San Cibrao das Viñas, a Consellería achegará outros 114.000 euros para a instalación de cámaras de seguridade ao longo de toda a zona industrial, co fin de evitar os esporádicos roubos que sofren as empresas localizadas no polígono (unhas 100 empresas con máis de 1.000 traballadores) nos períodos de tempo en que os vixilantes de seguridade non prestan os seus servizos. Colocaranse en total 13 cámaras cos seus postes e soportes, ademais dun centro de control e gravación.

Innovación e Industria tamén contribuirá con 285.000 euros a executar o proxecto de mellora do acceso sur ao parque empresarial de Santa Marta, en Vilar de Santos, un proxecto que abrangue a construción de beirarrúas, a canalización para iluminación e subministracións eléctricas, a instalación de iluminación pública e a mellora da capa de rodadura e sinalización. Trátase tamén dun polígono consolidado con 22 empresas e 200 empregados aproximadamente. A mellora do acceso sur ao polígono orientará o tráfico a esta vía evitando a saturación actual da vía que atravesa a capital do Concello. A urbanización deste acceso reforzará os parámetros de seguridade do acceso tanto peonil como rodado ao polígono industrial.

Mellora da subministración en Forcarei

O Consello da Xunta tamén autorizou a Innovación e Industria a asinar un convenio de colaboración co Concello de Forcarei para a execución do proxecto de mellora e reforzo da liña de media tensión e do transformador do polígono industrial de Vilapouca, no concello de Forcarei. O Goberno galego sufragará o 75% do custo do proxecto cunha achega de 69.841,5 euros.

O proxecto ten un prazo de execución que remata a finais de 2009 e permitirá mellorar a calidade da subministración eléctrica ás empresas xa instaladas no polígono e cubrir a demanda das novas empresas que opten por instalarse nel.

Melloras nos accesos aos polígonos de Marisqueira e do Cocho

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración co Concello de Culleredo para financiar o proxecto de mellora de infraestruturas na vía do polígono de Marisqueira. O departamento de Innovación e Industria sufragará o 50% do custo do proxecto cunha achega de 492.403 euros.

O proxecto, cuxo prazo de execución remata a finais de 2009, recolle obras de movemento de terras, pavimentos, rede de abastecemento, rede de augas pluviais e fecais, rede de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións, iluminación pública, seguridade e saúde, entre outras. As empresas instaladas neste momento na zona obxecto de actuación son máis de 25, cuns 1.000 traballadores.

Así mesmo, o Consello acordou apoiar a mellora dos accesos á zona industrial do Cocho, en Moaña. Así, o Goberno galego autorizou a Consellería de Innovación e Industria a



asinar un convenio de colaboración co Concello de Moaña para financiar o proxecto de mellora dos accesos á zona industrial do Cocho. En concreto, a Xunta sufragará o 75% do custo do proxecto cunha achega de 253.496,48 euros.

O proxecto, cuxo prazo de execución remata a finais de 2009, recolle obras de ampliación e urbanización co fin de compatibilizar o uso das vías de acceso a esta zona industrial, que tamén constitúe o acceso ao lugar veciñal da Guía. Estas vías non están preparadas para recibir o tránsito de vehículos pesados e a súa adecuación garantirá o seu uso sen riscos para as persoas e a conseguinte mellora da calidade de vida dos veciños.

Reurbanización, humanización e iluminación en Chantada e Láncara

O Consello acordou tamén autorizar a sinatura de dous convenios de colaboración cos concellos lugueses de Chantada e Láncara para a execución de obras de mellora nos respectivos polígonos industriais dos Acivros e A Pobra de San Xiao. En total, a Consellería de Innovación e Industria sufragará o 75% do investimento preciso para a realización das obras, concretándose esta achega en 250.000 euros; o prazo de execución rematará no fin de 2009.

En concreto, no polígono industrial dos Acivros, en Chantada, levarase a cabo un proxecto de reurbanización e humanización que recolle, nunha primeira fase, a renovación dos servizos fundamentais como as redes de abastecemento e saneamento, así como a substitución da totalidade das beirarrúas, hoxe en día deterioradas. Nunha segunda fase preténdese acometer a renovación da iluminación pública, a urbanización das zonas verdes previstas no Plan parcial do polígono e repasar o pavimento da calzada mediante unha capa de aglomerado en quente. Innovación e Industria achega para este proxecto nos Acivros un total de 138.885,98 euros.

No caso da mellora do contorno do que vai ser o parque empresarial da Pobra de San Xiao, en Láncara, o proxecto previsto suporá a construción dun paseo peonil na rúa Ourense e a dotación de iluminación pública. Trátase de pór en óptimas condicións a devandita rúa, que forma parte, ao seu paso pola Pobra de San Xiao, da chamada Ruta do moble, onde se atopan ata cinco industrias do moble, incluíndo unha auxiliar e unha fábrica de prefabricados de formigón. A mesma rúa é a que dá entrada ao futuro parque. O departamento autonómico achegará para o desenvolvemento deste proxecto en Láncara un total de 110.294,9 euros.



A XUNTA DESTINA 220.000 EUROS Á RECONVERSIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS CARA Á PRODUCCIÓN SUSTENTABLE

- ***A Consellería de Medio Rural asinará un convenio coa sociedade cooperativa galega Verín- Biocoop, para fomentar unha agricultura máis respectuosa co ambiente e a produción de calidade***

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar un total de 220.000 euros a promover a reconversión das explotacións agrogandeiras cara á produción sustentable. En virtude do acordo adoptado hoxe, a Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa sociedade cooperativa galega Verín-Biocoop destinado a fomentar unha agricultura máis respectuosa co ambiente e promover a produción de produtos cárnicos e agrícolas sans e de calidade.

Ao abeiro deste convenio establecerase unha colaboración que fomente, por parte de Verín-Biocoop, a través da súa experiencia pioneira, unha agricultura máis respectuosa ambientalmente, a través do emprego de métodos e modelos de manexo agrario sustentables, incentivando a produción de alimentos sans e de calidade.

Esta colaboración punteira ten interese público, pois pretende ser unha ferramenta útil e eficaz, ao establecer actividades que sirvan para obter información e análise sobre o sector, que contribúan á mellora técnica e profesional a través de modelos experimentais baseados no mellor aproveitamento dos recursos endóxeos e na produción de alimentos saudables.

As accións para desenvolver, baixo a supervisión da Consellería do Medio Rural, inciden no apoio á conservación da biodiversidade, no fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e na promoción da comercialización de carne de vacún para aproveitamento alimentario e control da biomasa forestal, cara á produción ecolóxica e á protección do ambiente, entre outros.

Co convenio, que conta cun orzamento de 220.000 euros, reforzase a potenciación do modelo de produción ecolóxico, tradicional en Galicia ata mediados do século pasado. A agricultura, gandería e a actividade forestal actúan baixo a exigencia da protección do ambiente, sendo unha das liñas principais de actuación da Consellería do Medio Rural apostar por un sector agrario galego que contribúa á mellora do noso ambiente, cara a un modelo de produción agraria sustentable.

O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COLABORARÁN EN FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E CALIDADE ASISTENCIAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS



- ***A Xunta achegará a dous convenios coa USC case 500.00 euros, dos cales 264.000 irán destinados á implantación de sistemas de calidade e 235.000 á formación e á investigación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a implantación dun sistema de calidade e o apoio á formación e investigación na Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias e na rede do Plan de Galicia sobre drogas.

En total, distribuiranse un total de 499.530 euros entre os dous convenios, dos cales 264.530 irán destinados á implantación dun sistema de calidade e 235.000 á formación e investigación.

O orzamento repartirase en varias anualidades. Así, dos 264.530 euros dirixidos á implantación do sistema de calidade, 95.820 aboaranse en 2008, 96.080 en 2009, e 72.630 euros en 2010.

Dos 235.000 destinados á formación e á investigación, 74.500 distribuiranse en 2008, 92.500 no ano 2009, 44.000 en 2010, e 24.000 euros en 2011.

Mellora na calidade asistencial e promoción da formación e a investigación

Co obxectivo de mellorar a calidade asistencial dos dispositivos de atención á drogodependencia da rede do Plan de Galicia sobre drogas e na propia Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, levaranse a cabo dous estudos de clima laboral e saúde psicosocial nos dispositivos da rede do Plan de Galicia sobre drogas e dous estudos de calidade percibida de usuarios e análises DAFO da asistencia.

Tamén se fomentará a investigación no conxunto da rede asistencial e na Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, consolidarase a excelencia na xestión da subdirección e implantarase o modelo EFQM na rede asistencial do Plan de Galicia sobre drogas.

Como apoio ás accións de formación e investigación na Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias e na rede do Plan de Galicia sobre drogas, desenvolverase un plan de formación específica para mellorar a atención ao paciente cocainómano dirixido a profesionais da rede sanitaria galega (unidades de condutas aditivas e servizos de atención primaria e urxencias).

Realizarase tamén un estudo sobre a percepción do risco, impulsividade, busca de sensacións e trastornos de personalidade na poboación xuvenil de Galicia consumidora de psicoestimulantes e outro que avaliará os programas de intervención para dependentes de psicoestimulantes na rede sanitaria galega.

Así mesmo, fomentarase a investigación entre os profesionais da rede do Plan de Galicia sobre drogas.



Sen concorrencia pública

A Consellería de Sanidade destaca que non hai posibilidade de promover concorrencia pública para ningún destes convenios, xa que a Universidade de Santiago de Compostela é a única licenciataria en Galicia do estándar de calidade EFQM.

Ademais, trátase dunha institución con capacidade docente e unha longa traxectoria en psicoestimulantes, e conta cun departamento de psicoloxía clínica cunha longa tradición avalada na formación en psicoestimulantes.



A XUNTA E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III ESTENDEN ATA 2011 A SÚA COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA O VIH EN GALICIA

- ***A continuidade desta colaboración considérase de grande interese clínico e científico***
- ***A Consellería de Sanidade destinará 76.000 euros á colaboración co Instituto Carlos III ao longo dos catro próximos anos***

Nos últimos anos a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III están a manter unha importante colaboración relacionada co VIH, co fin de achegarse o máximo posible á realidade da situación en Galicia deste problema sanitario e social de gran magnitude, e, deste modo, establecer un sistema de información de carácter prospectivo.

Os datos que esta colaboración está a achegar durante estes anos son de enorme importancia para a planificación no campo sanitario e os seus resultados xa foron publicados en varias revistas de prestixio internacional. Polo tanto, a continuidade desta colaboración, de grande interese clínico e científico, é sumamente beneficiosa para os usuarios do Servizo Galego de Saúde.

Por todo isto, considérase necesario, neste momento, impulsar as actividades que están a desenvolver estes dous organismos e convenialas para os próximos catro anos, o que implica o pagamento, por parte da Consellería de Sanidade, de 76.000 euros, repartidos entre os anos 2008 a 2011, incluídos.

A colaboración que está a manter o Instituto Carlos III e a Consellería de Sanidade céntrase na aparición de resistencias fronte aos fármacos antirretrovirais. O desenvolvemento destas resistencias pode estar condicionado por diversas causas, tales como a adherencia ao tratamento, a dosificación, a historia de tratamentos previos, o estadio da enfermidade, ou incluso cambios individuais no metabolismo e a farmacodinámica do medicamento. As resistencias poden aparecer en pacientes previamente tratados ou nos que nunca recibiron tratamento.

Por estas razóns, ten grande interese coñecer as mutacións de resistencia atopadas en pacientes tratados ou non tratados, o que podería ser indicador da terapia de inicio ou cambio terapéutico. Ademais, a terapia sería máis eficaz, por ter a seguridade de que os distintos fármacos empregados manteñen completa a súa actividade sen someter o paciente aos riscos derivados dos seus efectos secundarios.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 157.000 EUROS ATA O ANO 2010 PARA AMPLIAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE TOXICOMANÍAS

- ***O convenio inicial fora asinado en novembro do pasado ano por un importe de 156.430 euros***

O Servizo Galego de Saúde considera que a formación dos profesionais da saúde e a investigación no campo das patoloxías aditivas é un obxectivo primordial á hora de planificar as medidas para abordar a problemática das drogodependencias e outras patoloxías aditivas. Esta prioridade reflíctese nos obxectivos da área de investigación do Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009, en que se recolle a necesidade de fomentar a creación de redes de investigación en materia de drogodependencias.

Para a consecución deste obxectivo, cómpre impulsar a creación de equipos de investigación para acadar un colectivo de investigadores que posibiliten o paso posterior de potenciar a creación de redes de investigación no ámbito das drogodependencias e problemáticas asociadas.

Para tal efecto, a Consellería de Sanidade asinou, en novembro do pasado ano, un convenio de colaboración coa Sociedade Española de Toxicomanías, por un importe de 156.430 euros, e no cal se recollía a posibilidade de ampliar este importe, para, deste xeito, seguir financiando as distintas investigacións en marcha.

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou a ampliación dese convenio que regula as accións de investigación no eido das drogodependencias, mediante a aprobación dunha addenda, por valor doutros 157.592 euros, para investir ata o ano 2010, inclusive.

A Sociedade Española de Toxicomanías ten por obxectivo principal promover toda clase de actividade científica que favoreza o progreso do coñecemento no campo das drogodependencias. Entre as actividades que apoia e organiza esta institución están as de investigación e formación.



O GOBERNO GALEGO APOIA CON 1,1 MILLÓNS DE EUROS A ADQUISICIÓN DE 15 VIVENDAS PROTEXIDAS PARA AS FAMILIAS DO POBOADO CHABOLISTA DE NAZARET-O CARQUEIXO EN LUGO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Lugo para a adquisición destas 15 vivendas por un importe total de 1,7 millóns de euros***
- ***As vivendas serán cedidas aos chabolistas en réxime de aluguer durante 2 anos e poderán optar á propiedade se se acredita a súa integración***
- ***O Concello deberá elaborar un programa de integración para cada unha destas familias e facer o seguimento***

A Consellería de Vivenda e Solo subvenciona con 1.118.000 euros a adquisición de 15 vivendas protexidas destinadas ao realoxamento doutras tantas familias que viven no poboado chabolista de Nazaret-O Carqueixo, no municipio de Lugo. Este departamento autonómico achega 650.000 euros en 2008 para a adquisición de 8 vivendas e outros 468.000 euros en 2009 para adquirir as outras 7 vivendas.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o Concello de Lugo para a adquisición destas 15 vivendas por un importe total de 1.720.000 euros. A Consellería de Vivenda e Solo achega o 65% do importe total e o Concello o 35% restante -602.000 euros-. O prezo das vivendas non poderá superar o das vivendas protexidas de prezo xeral establecido para o municipio de Lugo e quedarán vinculadas ao obxecto deste convenio durante un mínimo de 30 anos.

As vivendas adquiridas polo Concello de Lugo serán cedidas a 15 familias chabolistas de Nazaret-Carqueixo en réxime de aluguer durante 2 anos. Unha vez transcorrido este prazo e acreditada a súa integración social as familias poderán optar á propiedade das vivendas, deducíndose a subvención autonómica do prezo de venda.

Neste sentido, o convenio establece que o Concello de Lugo debe elaborar un programa de integración para cada unha destas familias nas áreas de servizos sociais, vivenda e aloxamento, educación, saúde e hixiene, formación e fomento do emprego, ademais de facer o seguimento e informar a Vicepresidencia da Xunta, que ten as competencias en materia de igualdade e benestar social.

O Concello tamén se compromete a derrubar as chabolas en que viven na actualidade estas familias e a sanear os terreos a través da recollida de cascallos e limpeza do predio.

Tras a sinatura deste convenio, a Consellería de Vivenda e Solo estará en disposición de adiantar o 50% da subvención outorgada na anualidade de 2008 en concepto de pagamento anticipado, só co requisito de que o Concello presente os contratos de opción de compra das vivendas. O resto da subvención faríase efectiva no momento de presentación do título de propiedade e os documentos xustificativos do gasto feito polo



concello con este fin. Unha vez concretada a compra, o concello disporá dun prazo de 4 meses para presentar na consellería certificado de inscrición no Rexistro da Propiedade.

O Concello de Lugo presentou a solicitude de axudas para a adquisición destas vivendas ao abeiro da Orde de 15 de maio de 2008 ao abeiro da Lei 5/1989, do 24 de abril de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A solicitude foi aprobada e concrétase neste convenio que será asinado en breve por ambas as dúas partes.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas por instancia dos concellos. Neste ano 2008 a partida orzamentaria destinada á erradicación do chabolismo é de 2.020.000 euros.



A XUNTA E O COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA COOPERAN NA DIFUSIÓN DAS *NORMAS DO HÁBITAT GALEGO* CUN CONVENIO DE COLABORACIÓN POR VALOR DE 194.000 EUROS

- ***O obxectivo é completar o proceso formativo, divulgativo e informativo das NHG e do Libro do edificio entre os Colexiados do COAG***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para a difusión das *Normas do hábitat galego* por un importe de 194.000 euros.

O obxectivo do convenio é afondar no proceso formativo, divulgativo e informativo das *Normas do hábitat galego* entre os Colexiados do COAG para que dispoñan da información máis precisa das *NHG*. Ademais, tamén se achegará información detallada sobre a implementación e o contido do Libro do edificio en Galicia.

Para acadar estes obxectivos, a Consellería de Vivenda e Solo financiará charlas informativas, confeccionará unha publicación especializada das *NHG* con información complementaria e táboas comparativas, e creará unha memoria tipo en soporte web para incluír nos proxectos de edificación.

Ademais, o departamento autonómico elaborará un programa CAD de debuxo feito en galego, en que se incluírán módulos e mobiliario básico das *Normas do hábitat galego*. Tamén publicará un compendio da normativa técnica que afecte ás competencias do departamento autonómico dirixido á edificación de vivendas neste país.

Por outra banda, a Consellería de Vivenda e Solo pretende elaborar un modelo como traballo preliminar ao futuro Libro do edificio, que será elaborado e regulado pola consellería.

Pola súa parte, o COAG comprométese a colaborar co departamento autonómico realizando unha achega de 194.000 euros e poñendo recursos técnicos, materiais e humanos á disposición das distintas actuacións.



A XUNTA APROBARÁ O PLAN GALEGO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2009

- ***A Consellería de Medio Ambiente ten tamén en marcha os trámites para a aprobación do Plan de Residuos Industriais***
- ***As políticas de xestión de residuos urbanos completaranse coa ampliación da planta de Cerceda para a valorización dos aparatos eléctricos e electrónicos; a construción dunha planta de tratamento de pneumáticos e o inicio do proceso de creación da Rede de Xestión de Puntos Limpos***

O Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, informou hoxe ao Consello da Xunta do inicio do trámite de exposición pública do Plan Galego de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos (RSU), así como do estado doutros proxectos en materia de tratamento de residuos que está a executar a consellería.

A aprobación do Plan de Xestión de RSU materializarase a comezos do vindeiro ano, unha vez rematados o trámite de exposición pública, que durará dous meses; e o período de presentación de alegacións e resolución das mesmas, que será de catro meses.

Manuel Vázquez informou ao Consello do estado doutros proxectos nos que a consellería está a traballar no marco das políticas de xestión de residuos. Entre estes atópase a Lei de Residuos de Galicia, que está actualmente en trámite parlamentario, ou o Plan de Xestión de Residuos Industriais, que actualmente está en fase de avaliación ambiental estratéxica, paso previo á exposición pública.

No que respecta ao Plan de Xestión de RSU, entre as liñas de actuación do mesmo atópase a ampliación da Planta de Residuos Voluminosos de Cerceda (A Coruña) para incluír a construción dunha planta de liña marrón, autorizada a semana pasada polo Consello da Xunta e destinada a valorización dos aparatos eléctricos e electrónicos, así como o inicio do proceso para a creación da Planta de Tratamento de Pneumáticos fora de uso e da Rede de Xestión de Puntos Limpos.

Obxectivos

Os obxectivos xerais do Plan de Xestión de RSU pasan pola redución da produción de residuos en peso, volume, diversidade e perigosidade, o fomento da recollida selectiva en orixe e dun mercado da reciclaxe, a redución do vertido final e potenciar o tratamento do resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos vertidos, entre outros.

En canto aos obxectivos cuantitativos, o plan prevé a estabilización da xeración de residuos a partir do 2010 e a implantación do autocompostaxe en zonas rurais, así como acadar, de cara ao ano 2017, a valorización do 53% de materia orgánica, do 74% de vidro, o 40% de cartón e papel e o 37% de envases lixeiros, a valorización do 20% de materiais voluminosos e o 65% en pilas e medicamentos, así como a diminución



progresiva de residuos sen tratar a depósito controlado ata chegar ao 100% do tratamento e o depósito dun 28% de rexeitamento respecto á xeración total de residuos.